

Comunidades Costeiras Sustentables. Un caso de estudio en Galicia

LOIS GONZÁLEZ, Rubén Camilo [rubencamilo.lois@usc.es]
Universidade de Santiago de Compostela

M^a Angeles Piñeiro Antelo [manxeles.pineiro@usc.es]
Universidade de Santiago de Compostela

[September 2012; accepted December 2012]

Resumo

En Galicia existe unha forte concentración da poboación e da actividade económica ao longo da costa, onde se localizan as máis importantes áreas urbanas e metropolitanas da rexión. A pesca supón un importante motor no desenvolvemento económico do litoral. Nestas comunidades coexisten sistemas de produción artesanal con outros moi innovadores, e desenvólvense algúns modelos de xestión cooperativa dos recursos que supoñen fitos no desenvolvemento sostible e na conservación ambiental nestes territorios. Algúns destes exemplos, como o desenvolto na confraría de Pescadores de Lira, serán tratados con detalle ao longo do texto. Nas últimas décadas puxéronse en marcha experiencias innovadoras, nadas en pequenos portos, que moitas veces son transmitidas e difundidas como boas prácticas ao resto do territorio galego e español, e que permiten que Galicia siga estando á cabeza das rexións españolas pola súa importancia pesqueira.

Palabras Chave: Pesca, Comunidades Costeiras Sustentables, Boas prácticas

Abstract

In Galicia a large part of the population and economic activity is to be found along the coast, where the most important urban and metropolitan areas of the region are located. Fishing is the driving force for economic development in coastal Galicia. In these communities modern craft production systems coexist with other more modern systems, and some models of cooperative resource management are developed, accounting for sustainable development and environmental conservation in these areas. Some of these examples, as that unfolded in the Fishermen's Association of Lira, will be dealt with in detail in the text. During the last few decades innovative experiences have been launched, founded in small ports, which are often transmitted and disseminated as the best practice for other Galician and Spanish territories, and allow Galicia to remain at the head of the Spanish regions because of its fishing importance.

Keywords: Fish, Sustainable Coastal Communities, Good Practices.

En Galicia existe unha forte concentración da poboación e da actividade económica ao longo da costa, onde se localizan as máis importantes áreas urbanas e metropolitanas da rexión. As comunidades costeiras, moi dinámicas desde o punto de vista demográfico, presentan densidades de poboación que superan en moitos casos os 200 hab./km², sobre todo nas Rías Baixas. A actividade industrial e do sector servizos son as que xeran a maior parte da riqueza nestes territorios, pero resulta significativo, pola súa diferenza coa situación nas comunidades costeiras de Noruega, o peso da pesca e das actividades vinculadas ao mundo do mar en moitos núcleos da costa galega.

A pesca supón un importante motor no desenvolvemento económico do litoral en Galicia. Nesta comunidade teñen base o 43% de todos os buques pesqueiros españois, e concéntrase o 40% dos empregos neste sector (Villasante, 2010). Desde o ano 1982 prodúcese unha descentralización da xestión dos recursos coa transferencia ao goberno galego das competencias exclusivas en materia de pesca. E a partir do ano 1986, en que España se incorpora á UE, as comunidades costeiras galegas acusarán de xeito claro o impacto territorial da aplicación da PPC (Lois, 1999).

En canto á caracterización da pesca en Galicia, temos que apuntar que, dos 4.699 buques galegos, o 88% dedícanse a pesca artesanal, en comunidades costeiras moi vinculadas a un porto e a unha das 62 lonxas existentes na comunidade, onde se descargan e poxan as capturas cada día. O marisqueo permite a extracción e o semicultivo principalmente de moluscos, crustáceos e equinodermos en zona marítimo-terreste, proceso xestionado a través de plans de explotación anuais en cuxa elaboración participa o propio sector, que conta co asesoramento e control por parte da administración. Na franxa intermareal que se descobre en cada baixamar desenvólvese o marisqueo a pé, no que se utilizan artes selectivas para extraer especialmente ameixas e berberechos (García Negro, 2010). Este colectivo estaba formado no ano 2010 por 4.123 persoas, das que o 90,3% son mulleres, dedicadas a este traballo fundamentalmente a tempo parcial (Proxecto Ancora, 2012).

Nestas comunidades coexisten sistemas de produción artesanal con outros moi innovadores, e desenvólvense algúns modelos de xestión cooperativa dos recursos, nos que participan as institucións locais, o sector -fundamentalmente a través das organizacións de pescadores (confrarías)-, os investigadores, e a propia administración autonómica, que supoñen fitos no desenvolvemento sostible e na conservación ambiental nestes territorios (Santos Solla, 2000). Algúns destes exemplos, como o desenvolto na confraría de Pescadores de Lira, serán tratados con detalle ao longo do texto.

En gran parte destas comunidades costeiras, moi vinculadas á pesca artesanal e ao marisqueo, tamén é destacable o peso da pesca litoral e industrial. As mesmas achegan buques e tripulación que faenan en augas internacionais no Pacífico, Índico e Atlántico, en virtude de acordos con terceiros países (Lois, 1999). Estamos falando de 122 buques arrastreiros, cerqueiros e conxeladores que traballan en augas internacionais. Pero tamén teñen base en portos galegos 91 arrastreiros e palangreiros que pescan en augas da UE (Pesca de Galicia, 2012).

En conxunto, podemos afirmar que as comunidades costeiras galegas son territorios altamente dependentes da industria pesqueira, tanto do subsector extractivo, como do transformador (onde destacan as fábricas de conserva e as industrias conxeladoras), e do comercializador, que xeran un gran número de postos de traballo directos e indirectos e que contribúen ao desenvolvemento económico destas áreas (González Laxe, 2005).

O debate actual á hora de planificar estratexias de futuro para aumentar a calidade de vida nestas comunidades está centrado en varios aspectos relevantes: como aumentar o valor engadido dos produtos da pesca artesanal a través da creación de selos e certificacións de calidade (PescadeRías, Mexillón de Galicia,...); como implantar sistemas de comercialización que garantan a trazabilidade das capturas en todos os tipos de pesca (Porto de Celeiro); como conseguir modos de xestionar os recursos que non se centren exclusivamente en criterios biolóxicos, senón que tamén consideren obxectivos sociais, económicos e ata institucionais (Villasante, 2010); como atopar solucións para que a pesca industrial que tanta tradición ten en Galicia poida sobrevivir aos continuos recortes derivados da aplicación da PPC; ou como conseguir que os grandes investimentos que se están facendo en granxas acuícolas no litoral galego teñan un maior retorno para os territorios nos que se localizan.

Nas últimas décadas puxéronse en marcha experiencias innovadoras, nadas en pequenos portos, que moitas veces son transmitidas e difundidas como boas prácticas ao resto do territorio galego e español, e que permiten que Galicia siga estando á cabeza das rexións españolas pola súa importancia pesqueira. Estamos falando de iniciativas de recuperación e aproveitamento económico do patrimonio cultural que permiten acondicionar como museos ou centros de interpretación antigas fábricas de salgadura, ou a rehabilitación de antigos balandros e goletas para a promoción do turismo pesqueiro. Noutros casos trátase de colectivos de mariscadoras que se organizan para ofrecer un produto turístico que permite aos visitantes coñecer os utensilios e artes por elas empregadas e tomar conciencia dos problemas de furtivismo e intrusismo que afectan a este colectivo. Tamén destacamos as experiencias que favorecen o desenvolvemento sostible porque comercializan descartes, como sucede no

caso das percebeiras da Guarda que elaboran paté de percebe a partir dunha variedade sen valor comercial; ou, para rematar, o caso da Confraría de Pescadores de Lira, que aposta por iniciativas de pesca sostible, turismo mariñeiro, comercialización directa, ou pola creación da reserva mariña Os Miñarzos (Proxecto Ancora, 2012).

Lira é unha pequena localidade de 1.057 habitantes, situada na costa occidental da provincia da Coruña, onde que as actividades vinculadas ao mar achegan o 36% dos postos de traballo do lugar, e onde os sectores turístico e sobre todo industrial atópanse infradesenvolvidos (Confraría de Pescadores de Lira, 2012). No porto de Lira teñen base 27 embarcacións, dedicadas á pesca artesanal, que venden todas as súas capturas na lonxa, baixo a supervisión da confraría de pescadores. Dous son as especies máis importantes polo volume das capturas: o polbo e o ourizo (46.638 Kg. e 43.600 Kg. respectivamente en 2011). En conxunto, o descenso total de capturas nesta lonxa constatouse ano a ano desde que existen rexistros detallados. Así no ano 1997 o volume de capturas superaba as 215 T, e no ano 2011 apenas superou as 96 T. En canto ao valor das mesmas, no ano 2011 chegouse ao medio millón de euros, incrementándose sensiblemente os ingresos con respecto aos anos 2009 (16,6%) e 2010 (8,71%), (Pesca de Galicia, 2012). Esta redución de capturas e aumento paralelo de ingresos pode relacionarse de xeito máis ou menos directo coa posta en marcha dunha serie de medidas innovadoras promovidas polo propio sector a través da confraría de pescadores, e iniciadas dentro do proxecto Mardelira, que naceu co obxectivo xeral de promover o cambio de mentalidade entre os pescadores locais para implicalos na co-xestión e na conservación dos ecosistemas mariños costeiros. Neste marco de traballo impulsouse a integración da confraría no ano 2001 na plataforma Lonxanet Directo, S.L., xunto con outras confrarías galegas, coa idea de comercializar de xeito directo unha parte de súa produción, e reducir así a dependencia dos comerciantes maioristas. No ano 2004 púxose en marcha o Taller de Pesca e Turismo Mariñeiro, co obxectivo de dinamizar a contorna social da comunidade pesqueira de Lira e de dar a coñecer o traballo dos mariñeiros ao conxunto da sociedade. Logo de anos de traballo e preparación, no 2007 conséguese crear a primeira reserva mariña de interese pesqueiro en Galicia como nova ferramenta de xestión dos recursos pesqueiros, destinada a protexer e favorecer a rexeneración das pesqueiras, impulsar a pesca sostible, fomentar a sensibilización ambiental sobre o medio mariño e favorecer os estudos científicos sobre o funcionamento deste tipo de medidas de protección e xestión. Todas estas experiencias citadas acompañáronse dunha serie de accións de difusión e visibilización do traballo realizado, participouse activamente en múltiples foros de debate, e procuráronse apoios noutras comunidades costeiras en Iberoamérica (Recopades), (Confraría de Pescadores de Lira, 2012).

Noutros portos galegos, colectivos de mariscadoras puxeron en marcha experiencias que pretenden visibilizar e dar a coñecer a cultura mariñeira e marisqueira. É o caso da asociación cultural Guimatur, nacida no ano 2004, que realiza rutas guiadas polos bancos marisqueiros da vila de Cambados, orientadas tanto a visitantes como a escolares, a través das que tratan de difundir a cultura mariñeira e os valores tradicionais do traballo no mar.

Son tamén relevantes outros casos nos que varias confrarías, colectivos ou empresas se agrupan para desenvolver iniciativas de turismo mariñeiro cun dobre obxectivo: diversificar as economías locais e conseguir un aumento das rendas das xentes do mar a través do desenvolvemento de actividades complementarias á pesca, por unha banda, e fomentar o coñecemento do traballo e da cultura mariñeira entre os visitantes, por outro. Podemos citar entre outros a Pescanatur, asociación creada en 2006, que agrupa a tres confrarías da provincia de Pontevedra (O Grove, Pontevedra e Cangas), que ofrece paquetes turísticos centrados en rutas gastronómicas para degustar os peixes e mariscos locais, rutas con mariscadoras polos seus lugares de traballo, ou a posibilidade de formar parte da tripulación dunha embarcación de pesca artesanal ou dedicada ao marisqueo á flote.

Para rematar, citaremos o exemplo do club de produto de turismo mariñeiro Mar Galaica, creado no ano 2012, aproveitando recursos achegados polo Fondo Europeo da Pesca, onde os emprendedores das comunidades costeiras de Fisterra e das rías de Muros e Noia atoparon o apoio da administración rexional para promocionar os seus produtos turísticos orientados ao turismo mariñeiro e pesqueiro, entre os que destacamos Turismo a bordo, Mariñeiro en terra, ou A mar de aventuras. Esta experiencia está sendo seguida moi de cerca en todo o litoral galego, onde sempre se está moi atento a todas as iniciativas que poidan supor novas formas de xestionar de xeito sostible e eficiente os recursos que o mar e a cultura mariñeira ofrecen.

Como conclusión queremos incidir en que a pesca e as actividades vinculadas ao mundo do mar poden ter importancia como motor de desenvolvemento económico en Galicia, sobre todo neste contexto de crise xeral, porque aínda que na rexión hai exemplos de mala praxe nas actividades pesqueiras, sobre todo vinculadas ao uso de artes non selectivas, ou á falta de respecto de tallas e vedas, tamén hai exemplos exitosos de xestión sostible das pesqueiras, coa implicación e concienciación do sector, que resulta beneficiado desde unha perspectiva económica e social, e polo tanto ve mellorada a súa calidade de vida.

Figura 1. Localización dos exemplos citados en Galicia



Fonte: Elaboración propia

Figura 2. Taller de pesca no porto de Lira



Fonte: Elaboración propia

BIBLIOGRAFÍA

Anuario de Pesca de Galicia 2011, Xunta de Galicia, 2012.

LINDKVIST, K. B., LOIS GONZÁLEZ, R. C. (2000): "Aspectos regionales de las pesquerías de Galicia y Noruega", *Ería*, nº 51.

BJORN LINDKVIST, K., PIÑEIRO ANTELO, M^a. A. (2007): "Restructuring a peripheral coastal community: the case of a Galician fishing town", *International Journal of Urban and Regional Research*, Blackwell Publishing. Volume 31.2 June 2007, pp 368–83.

Cofradía de Pescadores de Lira (2012): *Mardelira: construyendo futuro*, documento de trabajo. www.mardelira.net

GARCÍA NEGRO, M^a. C. (Coord.), (2010): *Economía pesqueira. Achegas desde un curso universitario*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela.

GONZÁLEZ LAXE, F. (2005): "La Evolución del Sector Pesquero en Galicia de 1980 a la Actualidad: 25 Años de Cambio", en *25 anos coa cultura galega. Vinte e cinco perspectivas para o século XXI*. Sotelo Blanco, Barcelona.

Proyecto Ancora (2012): *Guía para el desarrollo de iniciativas de turismo pesquero*, Fundación Paideia, A Coruña.

LOIS GONZÁLEZ, R. C. y PÉREZ GONZÁLEZ, J. A. (1997): "Les changements dans la fonction productive des ports de pêche en Galice (Espagne) 1950-1995", en Littoral 95. Cahiers Nantais n° 47-48, pp. 115-125, Caen.

LOIS GONZÁLEZ, R. C. (1999): "La pesca: actividad económica y organización espacial", en Galdos Urrutia, R. y Ruiz Urrestarazu, E. (coords.), "Postproductivismo y Medio Ambiente. Perspectivas geográficas sobre el espacio rural. IX Coloquio de Geografía Rural. Ponencias", Informes Técnicos, n° 82, Departamento de Agricultura y Pesca, Gobierno Vasco, Vitoria, pp. 113-175.

LOIS GONZÁLEZ, R.C. (2001): "La pesca", en Gil Olcina, A. y Gómez Mendoza, J. (coords.), "Geografía de España", Ariel, Barcelona, pp. 425-439.

LOIS GONZÁLEZ, R.C. (2001): "O futuro dos territorios marítimos", Eco, n° 119 (abril 2001), p. 51.

Manual de buenas prácticas ambientales en el turismo pesquero, Proyecto Áncora, Fundación Paideia Galiza, 2012

Pesca de Galicia, Plataforma tecnolóxica da Pesca, Consellería de Medio Rural e do Mar, Xunta de Galicia. <http://www.pescadegalicia.com/>

SANTOS SOLLA, X.M. (2000): "La explotación de recursos marinos", en La dinámica litoral-interior, Ponencias del XV Congreso de Geógrafos Españoles, Universidad de Santiago y AGE, Santiago de Compostela.

VILLASANTE, C. S. (2010): Sostenibilidad de las pesquerías artesanales de Galicia, Netbiblo, A Coruña.